

Propostas de actividades para levar a cabo co alumnado de infantil

#euquedonacasa

- FAI UN BISCOITO** (ou calquera outra receita. Pesa e mestura ingredientes).
- TEATRO DE SOMBRAS** (recorta siluetas de cartolina, pégalles un pau e saca unha lanterna).
- XOGOS DE MESA** (oca, parchís, quebracabezas, bingo, Smartgames...).
- FAI IOGA** (podedes atopar vídeos en Youtube poñendo no buscador "Yogic").
- DESFILE DE DISFRACES** (abre o armario e xoga con combinacións imposibles).
- XOGAR A "SE FORA"** (se foras un animal, cal serías?, por qué?, e unha comida?, unha prenda de roupa?).
- FAI UN CIRCUITO CON LAPIS** (saca todos os lapis e rotuladores e colócaos no chan un seguido doutro para montar un circuíto de coches no corredor da casa).
- FAI ORIGAMI** (avións de papel, barcos ...).
- INVENTA UN HAIKÚ** (poesía de orixe xaponés. Estade atent@s ás redes sociais da Curuteca!).
- XOGA AO VOLEIBOL CUN GLOBO** (cun globo inflado monta un partido no salón).
- CANASTA** (unha cesta, un cubo ... xoga a encestar unha bola de papel).
- ESCRÍBELLE UNHA CARTA/ FAILLE UN DEBUXO Á CURUXA** (ela está pechada no colexio e bótavos de menos).
- AXUDA NAS TAREFAS DA CASA** (pon a mesa, axuda a clasificar a roupa para poñer a lavadora ...).

- XOGOS DE PALABRAS** (vexo-vexo, palabras encadeadas ...).
- ESCONDITE INGLÉS** (un, dous, tres ... que ninguén se mova!).
- TEA DE ARAÑA** (converte o corredor nunha tea de araña; con cinta, la ... hai que atravesalo, ipero sen tocala!).
- HISTORIA COMPARTIDA** (un comeza e vai pasando a quenda, como acaba a historia?).
- DEBUXOS CÓ PÉ** (escribe o teu nome, debuxa unha casa ...).
- CONSTRÚE UNHA CATAPULTA** (colle unha culler e monta a túa propia catapulta con bolas de papel. Quen chega máis lonxe?).
- EQUILIBRISTA** (colle unha cinta ou la, camiña por riba coma se fose o cable dun equilibrista. Non é tan doado!).
- MAPA DO TESOURO** (creade un plano da casa e que a familia sitúe nel o obxecto agochado. Serás capaz de atopalo?).
- LEDE CONTOS.**
- CONTADE CANTOS ZAPATOS, CHAQUETAS OU PANTALÓNS TENDES** (que é o que máis hai? E o que menos?).
- FACEDE PARELLAS, CONXUNTOS OU GRUPOS DE OBXECTOS.**
- PINTADE** (debuxo libre, mandalas ... Podedes decorar as fiestras das casas para que outras/os nenas/os que tamén estean na súa casa os vexan).
- SOPRAR PELOTAS OU BOLAS DE PAPEL CUNHA PALLA** (deberán chegar ata a liña de meta).

RECURSOS:

CONTACONTOS EN YOUTUBE

-Beatriz Montero

BLOGUE DE ENGLISH

<http://englishnart4fun.blogspot.com/>

XOGOS DE AUDIÇÃO E LINGUAXE CON YOUTUBE

- Cuento del gusanito
- Praxias con hojas de otoño, Olaf, Peppa Pig, minions.
- Vídeos de Eugenia Romero (veo-veo, verdadero-falso).
- Canción da abella Ceci:

<http://laredoinfantil.blogspot.com/2010/05/abella-cesi.html?m=1>

- Serie animada "Little Einsteins" en dailymotion

CANCIÓN\$ NO YOUTUBE

- Uxía Lambona
- Paco Nogueiras
- Migallas
- Musicaeduca
- Super simple songs

XOGOS EN REDE / APPS

- Jueduland
- Buho boo
- Lobo Matías
- Leo con Grin

VÍDEOS PARA BAILAR E MOVESE

- Vídeos Just Dance Kids (youtube)

https://www.youtube.com/watch?v=oe_HDfdmnaM

<https://www.youtube.com/watch?v=ziLHZeKbMUo>

<https://www.youtube.com/watch?v=lxFOiayJR-s>

<https://www.youtube.com/watch?v=A111jv1nw7M>

https://www.youtube.com/watch?v=gDDspHxD_TI

<https://www.youtube.com/watch?v=AcmHydyovE>

Aproveitade o tempo
c@s vos@s fill@s!

Sexamos responsables
e sigamos as
recomendacións das
autoridades
sanitarias.

Isto tamén é ensinar,
educar na vida e
para a vida.

Equipo de educación infantil do CEIP Plurilingüe Tirán